

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 3 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, relativa á publicación do modelo definitivo de respostas dos distintos exercicios e das puntuacións provisionais da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de enfermeiro/a especialista, convocado mediante a Resolución do 3 de maio de 2019.

A base oitava da Resolución do 3 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso como enfermeiro/a especialista nas especialidades de enfermaría de saúde mental, enfermaría do traballo, enfermaría familiar e comunitaria, enfermaría obstétrico-xinecolóxica e enfermaría pediátrica, establece un prazo de cinco (5) días hábiles seguintes á publicación dos modelos provisionais de respostas para que os/as interesados/as poidan presentar reclamación contra os exercicios.

Se o tribunal de oficio ou con base nas reclamacións presentadas anula algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio anunciarao na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Neste caso serán tidas en conta as preguntas de reserva, que terán unha puntuación igual que o resto das preguntas do correspondente exercicio.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se publiquen as puntuacións provisionais e as respostas definitivas dos distintos exercicios, que se efectuará na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Á vista das reclamacións presentadas en prazo, este centro directivo, de conformidade coa antedita base,

RESOLVE:

Primeiro. Dar publicidade, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) ao modelo definitivo de respostas, aprobado polo órgano de selección, correspondente a cada un dos exercicios que integran a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista das especialidades de enfermaría



de saúde mental, enfermaría do traballo, enfermaría familiar e comunitaria, enfermaría obstétrico-xinecolóxica e enfermaría pediátrica, convocado pola Resolución do 3 de maio de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 92, do 15 de maio).

Segundo. Publicar, na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), as puntuacións provisionais obtidas polos/as aspirantes presentados/as aos exercicios da fase de oposición do citado proceso selectivo.

Terceiro. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco (5) días hábiles seguintes ao da súa publicación, unicamente de existiren erros na confección aritmética da puntuación obtida.

A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tribunal para efecto de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2020

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

